Literatura oral

[Refraneiro] O

O abade de aldea, se ben xanta, mellor cea.

O abade do que canta, xanta.

Ó abade e ó xudeo dálles un ovo e pedirancho fritido.

Ó abade moi falangueiro, gústalle andar polo rueiro.

Ó abade roupa nova e por limpar.

Ó abade vello, polos e coello.

O abade, onde canta é onde xanta.

O aceite da oliveira, curas as doenzas.

O aceite das cepas, cura moitas doenzas.

O aceite é armeiro, reloxeiro, cociñeiro e curandeiro.

O aceite, en calando; a manteiga, en ruxindo.

O aforrar non é por moito madrugar.

O aforrra non é por moito traballar senón por moito gañar e pouco gastar.

O agradecemento é un novo merecemento.

O aire e o sol de marzo queiman as donas no pazo.

O aire que corre muda o catavento, mais non a torre.

O alabardeiro fai da palla diñeiro.

Ó albéitar non lle doe a carne da besta.

O alguacil con andar e o muíño con moer, gañan para comer.

Ó alguacil de Sala, moita adehala [propina, gratificación].

O alguacil e o escribán arrapañan canto lles dan.

O bo avogado non é bo veciño / O bo avogado non é mal veciño.

O frío de abril mata o porco no seu cubil.

O máis acordado, máis esquecido.

O oficio do albardeiro é meter palla e sacar diñeiro.

O que achega un, derrámano outros.

O que aforra sempre ten.

O que agarda polo que vén de fóra, agarda polo que vén tarde e sen hora.

O que con moitos se aconsella, fai o que non debera.

O que consigo se aconsella, consigo se desconsella.

O que di ai! ó erguerse e ai! ó sentarse, non sirve para casar.

O que é bo abade, fai bo do mal sancristán.

O que está afeito a mandar non se afai ben a servir.

Ó que está coidando da súa tenda non se lle achaca contenda.

O que está colleito cando chove é ben parvo se se move; e se se moll, é ben burro se se anoxa.

O que está na cea, moe, e non o que vai e non volve.

O que foi do teu agrado, foi medio mercado.

O que mata unha abella ten cen anos de pena, e o que mata un abellón ten cen anos de perdón.

O que moito agarra, pouco aperta.

O que moito quere agarrar, pouco lle dan a apreixar.

Ó que moito se agacha véselle o que por sabido se cala.

O que non abre os ollos ten moitas veces que abrir a faldriqueira.

O que non acontece nun ano, acontece no instantiño menos pensado.

O que non aforra a leña, non aforra cousa que teña.

O que non agradece, ó demo se parece.

O que non é agradecido, non é ben nacido.

Ó que non está afeito ás bragas, as costuras fanlle chagas.

O que non garda leña para abril, non sabe vivir.

O que non pode, cos dentes acode.

O que non sabe dos mimos do avó, non sabe o que é bo.

O que non se alaba, de ruín morre.

O que non ten acordo, que teña folgo.

O que sabe agradecer, traballa para máis merecer.

O que teña ás para voar, logo atopará un pombal.

O que un aborrece, outro o apetece.

O que vai ó avogado, poucas veces volve desconsolado.

O resío de agosto dá polo rostro.

Ó teu abade dille sempre a verdade.

Ó teu avogado non o traias enganado.

Ós escachos no abril, non hai máis que lle pedir.

Os pecados dos nosos avós fixéronos eles e pagámolos nós.

Os resíos de agosto son mel e mosto.

BIBLIOGRAFÍA

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio, Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano, Galaxia, 3 volumes, Vigo, 1958.